



Actividade na que temos que completar os ocios dun texto cunha serie de palabras dadas xa sexa arrastrándoas aos ocios seleccionándoas dunha lista despregable ou escribíndoas nos lugares axeitados:



Na pestana "Actividade" atopamos:



ZONA 1

No recadro "Tipo de actividade" indicaremos de que forma terá que resolvela o usuario: arrastrando as palabras aos ocios, seleccionándoas dunha lista despregable como

Tipo de actividade:

- Textos con palabras (arrastrando)
- Textos con palabras (seleccionado)
- Textos con palabras (escribindo)

pode verse na 1ª imaxe deste manual ou escribíndoas nos ocros que aparezan no texto.


Baixo este recadro temos dúas casas de verificación. Na primeira poderemos permitir que o programa acepte por igual maiúsculas ou minúsculas cando o usuario escriba as palabras; polo que esta casa só estará activa no caso de que no anterior recadro elixiramos a opción de "*Textos con palabras (escribindo)*". Marcando a casa "*Correctas*" faremos que o programa manteña os acertos en pantalla ao pulsar no botón de verificación en caso de que o usuario non enchera todos os ocros correctamente; deste xeito o usuario só tería que volver colocar, seleccionar ou escribir as palabras nas que fallou. Se non se marca esta casa, aínda que o usuario só falle unha palabra, as que acertou non aparecerán fixas e tería que pensar en volver colocar, seleccionar ou escribir todas as palabras de novo.

ZONA 2

Aquí poderemos facer que os recadros teñan ou non as esquinas redondeadas (1), indicar o tipo de recheo que terán as celas (2) cando o usuario sitúe o punteiro do rato sobre estas (sólido, degradado de arriba a abaixo ou degradado dos bordos cara ao centro) indicar se o texto se aliñará á esquerda, a dereita ou ao centro dentro dos botóns (3) crear unha sombra na parte exterior dos rectángulos da actividade nos lados inferior e dereito (4) para axustar o ancho das celas ou os ocros que conterán os textos (5) e finalmente a xa coñecida casa de verificación para facer compatible a actividade con dispositivos de pantalla táctil (6).





No recadro "*Colocación inicial*" poderemos facer que os textos, no caso en que haxa máis dun, se presenten de forma aleatoria ou non (1). En canto ao cadro "*Tamaño*" poderemos facer que os textos queden xustificadas, aliñados á esquerda, centrados ou aliñados á dereita respectivamente (2) e nos campos da parte inferior (3) axustaremos o ancho e o alto da área de traballo da actividade para que parágrafos e gráfico (se o houberse) queden ben encadrados e non sobresaian da área de traballo.



ZONA 3

Nesta zona o recadro "Botóns" só aparecerá se previamente inserimos un son nalgún dos textos (explicarase máis adiante) e serve para importar un gráfico (co botón da carpeta amarela) (1) que teñamos no noso equipo que fará as veces de botón para que ao premer nel se escoite o audio inserido. Nos



campos da parte inferior (2) poderemos axustar ancho e alto do devandito gráfico. Se non se introduce ningún gráfico aparecerá a icona que trae Ardora por defecto: 

Finalmente nos controis de máis abaixo elixiremos o tipo de fonte (3) e o seu tamaño (4) para todo o texto a presentar nas áreas de actividade.

ZONA 4

Esta sería a zona que primeiro teríamos que traballar, a de introdución de textos, gráficos e demais datos.

Na parte superior temos ata 4 pestanas onde poderemos seleccionar cada unha delas e introducir ata 4 textos distintos facendo dobre clic en cada unha das caixas en branco que aparecen debaixo destas:

2 Haga doble clic para introducir datos

Unha vez que facemos dobre clic aparece unha ventá emerxente:

Ardora

Escriba entre caracteres "\$" la palabra que desee ocultar

Texto As costas españolas están bañadas no norte polo \$mar Cantábrico\$, no leste polo \$mar Mediterráneo\$ e no oeste polo \$océano Atlántico\$.

1

Archivo sonido
 mp3 **2** rdora7\Temp\tmpFiM\aplausos.mp3
 ogg rdora7\Temp\tmpFiM\aplausos.ogg

Archivo imagen
3 Ardora7\Temp\costas01_completar_texto\con
 Tamaño 250 **4** x 245 **5**

Alternativas

Palabra	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	Ayuda
mar Cantábric											
mar Mediterrá			7								
océano Atlánt											
6											

6

7

5

4

3

2

1

1. - Dentro de cada frase ou texto que escribiremos nesta zona (1), as palabras ou expresións que van ter que ser arrastradas/seleccionadas/escritas deberemos encerralas entre os caracteres do dólar (\$), tal e como a vai na figura e xerarán uns ocos/listas no texto. Non é necesario que escribamos as palabras elixidas nos campos da táboa da parte inferior; ao pulsar sobre esa táboa ou no botón de aceptar Ardora xa o fai por nós. No suposto de que elixiramos a opción "Textos con palabras


(seleccionando)" non se xerará oco ningún, pero no sitio da palabra aparecerá unha lista despregable como a que pode verse na primeira imaxe deste tutorial; neste caso debemos facer clic na táboa da parte inferior e ao lado de cada unha das palabras da columna da esquerda (6) faremos clic nas celas da dereita (7) e escribiremos unha ou máis opcións para que o usuario elixa unha delas ao despregar a lista. A palabra correcta será sempre a da primeira columna da esquerda; ou sexa a que encerramos entre caracteres de dólar no texto:

	Alternativas										
Palabra	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	Axuda
Mediterráneo	Cantábrico	Atlántico									
leste	sur	norte	oeste								
Valencia	Cádiz	Almería	Biscaia								
5	4	3	7								

Neste exemplo en concreto, a primeira lista despregable tería 3 opcións: Mediterráneo, Atlántico e Cantábrico (a correcta sería Mediterráneo); a segunda lista despregable tería 4 opcións: leste, sur, norte e oeste (a correcta sería "leste"); etc.

2. - Nestes campos pulsaremos nos pequenos altofalantes cos botóns para inserir audio en MP3 e OGG se queremos. Neste caso xunto co texto, na parte superior esquerda da área de actividade aparecería unha pequena icona que o usuario podería pulsar para escoitar o son.

Desprega as



As illas Baleares é un arquipélago situado no mar **Mediterráneo**, ó **oeste** de España fronte ó golfo de **Biscaia**. Este arquipélago consta de **3** illas e varios illotes de menor importancia.

3-4-5. - No recadro "Arquivo imaxe" temos a posibilidade de usar a pequena carpeta amarela (3) para inserir unha imaxe que ilustre o texto. Nos campos (4) axustaremos as súas dimensións e cos botóns (5) situarémola a esquerda ou dereita deste.

6-7. - Na columna esquerda desta táboa (6) aparecerán, como xa se explicou, as palabras que o usuario terá que colocar/escribir/seleccionar nos textos. Estas palabras aparecerán de forma automática e serán as que encerramos entre caracteres de dólar no cadro de texto (1). Só no suposto de que escolleramos a opción "Textos con palabras (seleccionando)" deberemos facer clic nas celas contiguas (7) para inserir outras opcións de selección.

Por último recordar que unha vez que introduzamos todos os elementos e fagamos clic no botón de aceptar para volver á pantalla principal, aínda que na zona 4 desta poidan aparecer táboas, botóns, controis, etc. non poderemos editar nada dende aí. Se queremos cambiar algo sempre debemos escoller 1º a pestana correspondente e logo facer dobre clic no recadro que contén o texto para abrir a ventá de edición:

